

15 xuño

folgaxeral

Unha nova reforma laboral vai ser imposta polo goberno a espaldas da clase traballadora recortando, unha vez máis, os nosos dereitos. Xunto a ela preséntasenos un acordo sobre as pensións asinado polo goberno, patronal e CCOO. Tanto a reforma como o acordo de pensións non son máis que un paso no camiño iniciado en 1996 co acordo sobre as pensións e no 1997 coa reforma laboral. Un camiño do que coñecemos o inicio pero ó que temos que porlle nós un remate ou non sabemos a onde nos pode levar.

As sucesivas reformas non fixeron máis que empeorar a situación laboral, mentras miramos atónitas como aumentan escandalosamente os beneficios empresariais.

Para as mulleres, como sempre, á desregulación e á perda de dereitos que afectan a toda a clase traballadora hai que engadirlle un “plus” consecuencia da discriminación á que seguimos sometidas. Sendo practicamente imposible que unha muller consiga un contrato dos ata agora considerados “normais”.

A diferenza entre o desemprego feminino e o masculino aumente de ano en ano e no 2000 houbo máis do dobre de mulleres paradas que de homes, pese a unha suposta política incentivadora da contratación de mulleres. Seguimos sendo maioría nos traballos a tempo parcial e as que máis dificultades temos para cobrar a xubilación ou chegar ó 100% da base reguladora.

A nova reforma implica para nós:

- Desregulación do contrato a tempo parcial podendo, co mesmo tipo de contrato, realizar unha xornada completa de traballo. Os horarios quedarán a disposición do empresario así como o control das horas complementarias.
- Ampliación do contrato de “formación” a inmigrantes, persoas con minusvalías e desempregados e desempregadas de máis de tres anos. Este último caso afecta moi especialmente ás mulleres (son maioría entre as persoas desempregadas de longa duración) e implicaría realizar o mesmo traballo pero cobrando o salario mínimo interprofesional.
- Os contratos fixos-discontínuos desregúlanse. Pero, ademáis, unha parte deles permite que as traballadoras queden a mercede do que decida o empresario.
- Exténdense os despedimentos baratos (33 días/ano) sen contrapartida algunha das empresas afectando entre outros casos a tódalas mulleres en ocupacións con menor índice de presenza que os homes. Isto significa que se verán afectadas a inmensa maioría de mulleres, que serán as primeiras en ser despedidas, xa que o seu despedimento será moito máis barato que o de calquera dos seus compañeiros de traballo.

Máis temporalidade, máis precaridade, menos protección social, piores salarios é o que nos depara o presente e o futuro laboral.

¿Así é como pretende o goberno fomenta-lo emprego das mulleres e conciliar a súa vida laboral e familiar?

Fagamos visible o noso rexeitamento, participa na folga do 15 de xuño.



Confederación Intersindical Galega
SECRETARÍA DA MULLER